

# **BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 27 DE DECEMBRO DE 2012.**

## **ASISTENTES:**

### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

### Concelleiros:

D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero

### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Anabel Corral Corral

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 18:00 horas do día vinte e sete de decembro de dous mil doce, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez. Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Anabel Corral Corral.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

## **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN ANTERIOR**

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29/11/2012, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesa. Sinálase pola secretaria a necesidade de rectificación na cabeceira onde pon Rebeca Vázquez Vázquez tería que ser María Luisa Cacharrón Souto en rectificación de erro material.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29/11/2012 coa rectificación indicada nos considerandos deste acordo.

## **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO**

### **2.1.- ESCRITOS OFICIAIS**

#### **2.1.1.-RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN A CONCELLOS PARA ENVELLECIMENTO ACTIVO EXERCICIO 2012**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, rexistro de entrada 2030 en data 07/12/2012, no que comunica a resolución de aprobación de concesión de subvención por importe de 6.000,00 € para o proxecto de termalismo social. O prazo para a xustificación finalizará o día 31/05/2013.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

#### **2.1.2.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN AO**

### **ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN A CONCELLOS PARA DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS EXERCICIO 2012**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, rexistro de entrada 2031 en data 07/12/2012, no que comunica a resolución de aprobación de concesión de subvención por importe de 2.438,58 € para o proxecto maiores activos. O prazo para a xustificación finalizará o día 31/05/2013.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.3.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN A CONCELLOS PARA POLÍTICAS DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO EXERCICIO 2012**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, rexistro de entrada 2032 en data 07/12/2012, no que comunica a resolución de aprobación de concesión de subvención por importe de 1.990,89 € para o proxecto experimental de atención e inserción. O prazo para a xustificación finalizará o día 31/05/2013.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.4.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO DE TERMALISMO SOCIAL DO CONCELLO DE BOIMORTO**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Servizos Sociais, rexistro de entrada no concello co nº 2029 con data 07/12/2012 no que se comunica a aprobación da xustificación de subvención concedida en virtude da convocatoria de subvencións publicada no BOP nº 242, de data 22/12/2012, correspondente ao exercicio 2012: Proxecto de termalismo social do Concello de Boimorto por importe de 6.000,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.5.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN PAGO DO PRIMEIRO PRAZO DO CONVENIO DE SERVIZOS SOCIAIS ANO 2012**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Servizos Sociais, rexistro de entrada no concello co nº 2124 con data 21/12/2012, no que comunica a resolución de aprobación do pago do primeiro prazo (50% da achega provincial do ano 2012) do convenio de servizos sociais.

Achega provincial: 45.488,21 €uros

Anticipo prepagable (50,00%): 22.744,11 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.6.- ESCRITO DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL, POLÍTICAS DE IGUALDADE DE XÉNERO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, COMUNICANDO A PRÓRROGA DO CONVENIO ASINADO NO 2012 PARA CREACIÓN OU MANTEMENTO DOS SERVIZOS LINGÜÍSTICOS.**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola presidenta da Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística da Deputación Provincial, rexistro de entrada no concello co nº 2014 con data 04/12/2012 no que se comunica a prórroga do Convenio de cooperación cos concellos para o financiamento de creación ou mantemento do servizo lingüístico asinado no ano 2012 para a anualidade 2013, manténdose as contías concedidas en 2012.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

#### **2.1.7.- ESCRITO DO SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA EN RELACIÓN COA TRAMITACIÓN DA BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo Servizo de Xestión Tributaria da Deputación Provincial, rexistro de entrada no concello co nº 2070 con data 14/12/2012, á vista do escrito remitido por este Concello en relación co acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 31 de xullo de 2012, en relación coa solicitude presentada por D. Julio García García solicitando a bonificación do 100% da cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica no que se informa que ao estar delegada por parte deste concello na deputación a xestión tributaria e recaudatoria do aludido imposto, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2003, a partir desta data é competencia da Corporación Provincial a realización de actuacións e actos relativos as mesmas, polo tanto os interesados deberán solicitala ante a deputación, surtindo os seus efectos no exercicio seguinte ao da data da solicitude.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

#### **2.1.8.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA INFORMACIÓN SOBRE O FINANCIAMENTO PARA O EXERCICIO 2013 DO PLAN DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola deputada presidenta da Comisión de Benestar Social, rexistro de entrada no concello co nº 2060 con data 13/12/2012, no que informa que a Deputación Provincial da Coruña mantén para o 2013 os módulos de financiamento do persoal do equipo de servizos sociais comunitarios. Non se financia o perfil profesional do traballador/a social dacordo co Decreto 99/2012.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

#### **2.1.9.- CIRCULAR SOBRE A COMUNICACIÓN DA APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS 2013**

Pola secretaria dáse conta da circular remitida por Plans Provinciais da Deputación Provincial, rexistro de entrada no concello co nº 2121 con data 21/12/2012, no que comunica que mediante acordo plenario do 21 de decembro de 2012 acordouse modificar as bases reguladoras do POS 2013 no sentido de que a achega municipal para o financiamento das súas obras sexa totalmente voluntaria e ampliouse o prazo ata o 18 de xaneiro de 2013 para presentar a documentación.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

#### **2.1.10.- COMUNICACIÓN CONCESIÓN DE ANTICIPO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO MELLORA DO CENTRO DE DÍA E MINIRESIDENCIA DO CONCELLO DE BOIMORTO**

Pola secretaria dase conta do escrito da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) da Consellería do Medio Rural e do Mar, rexistrado de entrada co número 2008 do día 04/12/2012, no que comunica que por resolución do director xeral de Agader aprobouse a concesión e pago de anticipo para a execución do proxecto Mellora do centro de día e miniresidencia do Concello de Boimorto por importe de 47.626,72 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

#### **2.1.11.- RESOLUCIÓN CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL**

Pola secretaria dase conta do escrito da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar, rexistrado de entrada co número 2125 do día 21/12/2012, dando traslado dunha Resolución pola que se concede una axuda de 6.389,03 euros para financiar a prórroga da contratación de 1 axente de emprego e desenvolvemento local.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.12.- DENEGACIÓN DA SUBVENCIÓN SOLICITADA AO ABEIRO DA ORDE 27 DE XULLO DE 2012, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA LOS OBRADOIROS DE EMPREGO.**

Pola secretaria dase conta do escrito da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar, rexistrado de entrada co número 2114 do día 20/12/2012, dando traslado da resolución de denegación de subvención solicitada ao abeiro da Orde de 27 de xullo de 2012 para o proxecto de Obradoiro de Emprego denominado “Concilia Arzúa, Boimorto e Santiso”

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.13.- RESOLUCIÓN DE AUGAS DE GALICIA SOBRE RECOÑECIMENTO DO DEREITO E INSCRICIÓN NO REXISTRO DE AUGAS DE MANUEL GÓMEZ GÓMEZ**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo organismo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rexistro de entrada n.º 2015 de data 04/12/2012 no que se notifica a resolución relativa ao expediente de usos privativos por disposición legal, recoñecemento do dereito e inscrición no rexistro de augas no lugar de Amexeira parroquia de Os Ánxeles (Parcela número 274 do polígono catastral 506).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.14.- RESOLUCIÓN DE ASIGNACIÓN DE TRANSFERENCIAS FINALISTAS CORRENTES DITADAS AO ABEIRO DO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO**

Pola secretaria dase conta do escrito da Secretaría Xeral de Política Social de Santiago de Compostela da Consellería de Traballo e Benestar, rexistrado de entrada co número 2072 do día 14/12/2012, dando traslado da resolución de asignación das transferencias finalistas correntes para os conceptos e polas contías que se relacionan a continuación:

Concepto	Nº de postos de traballo financiados	Renovación	Incremento/novo (N)	Total Asignado 2012 (R+N)	Remanente (RM)	Total asignado descontado remanente (R+N-RM)	Primeiro anticipo xa librado no 1º cuatrimestre (A)
Traballador/a social	1	15.013	0	15.013	0	15.013	7.506,3
Proxecto de atención á primeira infancia no PAI do Concello de Boimorto		0	3.522,18	3.522,18	0	3.522,18	0
<b>TOTAL</b>		15.013	3.522,18	18.535,18	0	18.535,18	7.506,3

Total asignado: 18.535,18 €

Líquido a percibir (2º anticipo): Total asignado descontado remanente - 1º anticipo xa librado no 1º cuatrimestre: **11.028,88 €**

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.15.- RESOLUCIÓN COMPLEMENTARIA DE ASIGNACIÓN DE TRANSFERENCIAS FINALISTAS CORRENTES DITADAS AO ABEIRO DO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO**

Pola secretaria dase conta do escrito da Secretaría Xeral de Política Social de Santiago de Compostela da Consellería de Traballo e Benestar, rexistrado de entrada co número 2073 do día 14/12/2012, dando traslado da resolución de asignación das transferencias finalistas correntes para os conceptos e polas contías que se relacionan a continuación:

Concepto	Nº de postos de traballo financiados	Renovación	Incremento/novo (N)	Total Asignado 2012 (R+N)	Remanente (RM)	Total asignado descontado remanente (R+N-RM)	Primeiro anticipo xa librado no 1º cuadrimestre (A)
Proxecto de atención á primeira infancia no PAI do Concello de Boimorto		0	4.562,55	4.562,55	0	4.562,55	0
<b>TOTAL</b>		<b>0</b>	<b>4.562,55</b>	<b>4.562,55</b>	<b>0</b>	<b>4.562,55</b>	<b>0</b>

Total asignado: 4.562,55 €

Líquido a percibir (2º anticipo): Total asignado descontado remanente - 1º anticipo xa librado no 1º cuadrimestre: **4.562,55 €**

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.16.- RESOLUCIÓN COMPLEMENTARIA DE ASIGNACIÓN DE TRANSFERENCIAS FINALISTAS CORRENTES DITADAS AO ABEIRO DO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO**

Pola secretaria dase conta do escrito da Secretaría Xeral de Política Social de Santiago de Compostela da Consellería de Traballo e Benestar, rexistrado de entrada co número 2074 do día 14/12/2012, dando traslado da resolución de asignación das transferencias finalistas correntes para os conceptos e polas contías que se relacionan a continuación:

Concepto	Nº de postos de traballo financiados	Renovación	Incremento/novo (N)	Total Asignado 2012 (R+N)	Remanente (RM)	Total asignado descontado remanente (R+N-RM)	Primeiro anticipo xa librado no 1º cuadrimestre (A)
Proxecto de atención á primeira infancia no PAI do Concello de Boimorto		0	22,87	22,87	0	22,87	0
<b>TOTAL</b>		<b>0</b>	<b>22,87</b>	<b>22,87</b>	<b>0</b>	<b>22,87</b>	<b>0</b>

Total asignado: 22,87 €

Líquido a percibir (2º anticipo): Total asignado descontado remanente - 1º anticipo xa librado no 1º cuadrimestre: **22,87 €**

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.1.17.- DACIÓN DA SOLICITUDE ASINADA CONXUNTAMENTE POLOS ALCALDES DE BOIMORTO, ARZÚA E SANTISO EN RELACIÓN COA PROBLEMÁTICA DO SECTOR LEITEIRO.**

Pola secretaria dase conta do escrito do alcalde do concello de Arzúa, rexistrado de entrada co número 2017 do día 04/12/2012, dando traslado da copia da solicitude asinada conxuntamente polos alcaldes de Boimorto, Arzúa e Santiso e achegada á Xunta de Galicia sobre a problemática do sector leiteiro.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **2.2.- ESCRITOS PARTICULARES**

### **2.2.1.- ESCRITO DE D. JUAN JOSÉ GARCÍA DURO, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO**

Pola secretaria dase lectura ao escrito presentado por D. Juan José García Duro, Presidente da Asociación de Veciños de Arceo, con número de rexistro de entrada neste Concello 2055 en data 12/12/2012 no que expón que a antiga escola unitaria de Arceo está dividida na súa planta baixa e alta por un tabique divisorio na metade do local e para maior aproveitamento do local e maior seguridade no local, SOLICITA:

<<Informe técnico para poder derrubar o tabique divisorio da planta baixa; derribo que estarían dispostos a facer dende a asociación, sempre co informe favorable do Técnico Municipal e o permiso do Concello.

E permiso para a colocación de reixas no resto das fiestras da planta baixa, así como nas portas de acceso o local, en canto a asociación poida facer fronte a ditos traballos.>>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Que polos servizos técnicos municipais se proceda ao estudo das obras solicitadas ao obxecto de confrontalo co planeamento vixente e lexislación que resulta de aplicación á actuación solicitada no emprazamento correspondente.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado.

#### **2.2.2.- ESCRITO DE D. JUAN JOSÉ GARCÍA DURO, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO**

Pola secretaria dase lectura ao escrito presentado por D. Juan José García Duro, Presidente da Asociación de Veciños de Arceo, con número de rexistro de entrada neste Concello 2056 en data 12/12/2012 no que expón que tras a recente ampliación da vía DP 1004, aumentou considerablemente o número de vehículos que transcorren pola mesma, en especial camións de gran tonelaxe e SOLICITA:

<<Que o Concello de Boimorto solicite e propoña á Deputación da Coruña, a necesidade de prolongar a senda peatonal pola marxen dereita sentido Boimorto dende o punto kilométrico 4+620 o punto kilométrico 5+670 na DP 1004, e sustitúa a iluminación existente neste mesmo tramo por outra de maior aforro enerxético e con maior rendemento aumentando a visibilidade.>>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Que se dea traslado do escrito de referencia á Excm. Deputación Provincial da Coruña aos efectos oportunos.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado.

#### **2.2.3.- ESCRITO DE D. JUAN JOSÉ GARCÍA DURO, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO**

Pola secretaria dase lectura ao escrito presentado por D. Juan José García Duro, Presidente da Asociación de Veciños de Arceo, con número de rexistro de entrada neste Concello 2010 en data 04/12/2012 no que expón que tras recibir a notificación deste Concello onde se lles notifica que non é posible incluír no plan DTC 94 o acondicionamento da ponte sobre o Río Tambre na Ponte Boado consideran que sí se poden incluír outras actuacións en futuros plans como é o acondicionamento do campo da festa de ARCEO e SOLICITA:

<<Que se poidan cerrar o campo da festa co subministro e instalación dunha cancela de dúas follas na entrada e sendas cancelas de emerxencia laterais.

Que se proceda o subministro e posta en obra da mezcla bituminosa en quente como capa de rodadura na zona central do campo da festa, segundo o anexo.

Subministro do material necesario para acometer as obras dun local no campo da festa, de dimensións en planta 6 x 4 metros segundo o anexo.>>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Que polos servizos técnicos municipais se proceda ao estudo das obras solicitadas ao obxecto de confrontalo co planeamento vixente e lexislación que resulta de aplicación á actuación solicitada no empraizamento correspondente.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado.

### **3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS**

#### **3.1.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 30-12-2012**

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Jose Luis Costoya Quintela con DNI 78787412S en calidade de presidente de AMARAI, e con domicilio no lugar de Agra da Tosta Santa Maria Arzúa, no que solicita autorización para a utilización da casa de cultura o día 28/12/2012 de 10:30 a 15:10 h da mañá para festival de nadal do CRD Amarai (Persoas usuarias centro de día e centro ocupacional)

A Xunta de Goberno Local por unamidade **ACORDA:**

**ÚNICO.-** Autorizar á D. Jose Luis Costoya Quintela, o uso do salón de actos da casa de cultura para o día 30-12-2012 de 10:30 a 15:10 h da mañá.

#### **3.1.1.- RESOLUCIÓN RECURSO REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 25/10/2012.**

Logo de ver o recurso de reposición, presentado en data 19/12/2012 con rexistro de entrada nº 2106, contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/10/2012 polo que se denega a D. Manuel Sánchez Lorenzo licenza para plantación de pino nas fincas nº 6 e 156 do polígono 8, Concello de Boimorto.

Logo de ver o informe emitido polo servizo técnico urbanístico con data 28/01/2013, asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de planeamento e urbanismo de Cerne Ingeniería, S.A., empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto que se reproduce literalmente:

<<Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

#### **INFORME:**

Con data 17 de setembro de 2.012, número de rexistro 1.482, D. Manuel Sánchez Lorenzo presentou escrito no concello de Boimorto no que se solicita “autorización para proceder a la plantación de pino en las fincas de su propiedad denominadas Da Zanca y Zanca de Atrás”.

Con data 25 de outubro de 2.012 a Xunta de Goberno Local denegou a licenza solicitada polos motivos expostos no informe dos servizos técnicos municipais de 15/10/2012.

Con data 19 de decembro de 2.012, número de rexistro 2.106, D. Manuel Sánchez Lorenzo presentou recurso potestativo de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de outubro.

En relación coas alegacións terceira e cuarta relativas ao uso forestal, sinalar que as fincas nº 6 e 156 do polígono 8, denominadas Da Zanca e Zanca de Atrás están clasificadas polo plan xeral de ordenación municipal de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria.

Como se indicaba no informe de 15 de outubro, o artigo 67 da Lei 7/2012 de Montes prohibe as repoboacións forestais en solo rústico de protección agropecuaria, **agás os casos expresamente recollidos nesta lei.**

Neste sentido, no artigo 61, relativo aos cambios de actividade agrícola a forestal, se establece que *“soamente os terreos rústicos de uso agrícola en estado de manifesto abandono e que estean adscritos a un banco de terras agrarias ou instrumento semellante, por un período de polo menos dous anos, se poderán forestar, logo de comunicarllo á Administración forestal, cando cumplan algún dos seguintes supostos:*

- a) *Que estremen con terreos forestais, cando se utilicen frondosas caducifolias.*
- b) *Que constitúan enclaves de ata 5 ha. De superficie arborada, utilizando frondosas caducifolias.”*

Dado que non se acredita a autorización da Administración forestal correspondente e que as fincas estean en estado de manifesto abandono e adscritas a un banco de terras agrarias ou instrumento semellante, non poderá levarse a cabo a plantación solicitada.

Ademais, tal e como sinalan as letras a) e b) anteriores en ningún caso poderían plantarse pinos.

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto a 28 de xaneiro de 2.013.

Fernando Delgado Juega

CERNE INGENIERÍA S.A>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Desestimar o recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/10/2012 presentado en data 19/12/2012 con número de rexistro de entrada 2106 por D . Manuel Sánchez Lorenzo en base ao informe técnico asinado polo arquitecto asesor do Concello, transcrito " ut supra"

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos.

### **3.2.- AUTORIZACIÓNS**

#### **3.2.1.-CONCESIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO A PERSOAL CON MOBILIDADE REDUCIDA (TARXETA PARA DAVID CENTENO VEIGA) 3/2012.**

Vista a correspondente solicitude para a concesión de tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida presentada con entrada no Concello nº 2169 en data 27/12/2012 por Dna. María Veiga Mejuto con DNI 33226391Q en representación de David Centeno Veiga con DNI 53310220S con grao de minusvalía do 76%, visto informe da Asistente Social de data 27/12/2012, e comprobado que se cumpren os requisitos legais para expedición de tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, en aplicación do artigo 27.2 da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma



de Galicia e artigo 50 do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Expedir a tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida a favor do veciño deste Concello D. David Centeno Veiga con DNI 53310220S con grao de minusvalía do 76%.

**SEGUNDO.-** En aplicación da Ordenanza fiscal número 4, reguladora da taxa por expedición de documentos no seu artigo 7.4, liquidar en concepto de **taxa 6 €**

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao interesado, aos efectos oportunos e comunicar que unha vez aboada a taxa correspondente poderá retirar a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía.

### **3.2.2.- BAIXA NA CONEXIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1826, con data 07/11/2012 presentada por D. Julio Hervella Vilariño con DNI 44813905S, con domicilio a efectos de notificación en Lugar Osebe nº 124, Calo, 15866 Teo, na que solicita a baixa da conexión do servizo de subministro de auga potable e do contador así como no servizo de recollida de lixo correspondente á vivenda da súa avoa Dna. Leonor Vilariño Sesar, sita no lugar de Cernadela núm. 12, parroquia de Boimil, deste termo municipal.

Considerando que o interesado aporta documento de confirmación de baixa do contrato polo subministro de enerxía eléctrica da referida vivenda.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de rede de abastecemento de auga e a ordenanza nº 6 reguladora da taxa por recollida de lixo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Dar de baixa o recibo e contador de auga número D410435 e o recibo de recollida de lixo que figura a nome de Dna. Leonor Vilariño Sesar, correspondente ao inmovible sito no lugar de Cernadela nº 12 da parroquia de Boimil, na elaboración do padrón fiscal correspondente ao cuarto trimestre do exercicio 2012.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e ao encargado de servizos municipais para que proceda ao corte de subministro de auga do inmovible sito no lugar de Cernadela 12, parroquia de Boimil, deste termo municipal.

### **3.2.3.- BAIXA NA CONEXIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SERVIZOS DE RECOLLIDA DE LIXO E SUMIDOIROS**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 2146, con data 26/12/2012 presentada por Dna. Ana María Mato Blanco con DNI 33251937D, con domicilio a efectos de notificación en Ramón María Aller nº 21, 4º 15010 A Coruña, na que solicita a baixa da conexión do servizo de subministro de auga potable e do contador así como nos servizos de recollida de lixo e sumidoiros correspondente á vivenda sita na Praza Campo da Feira nº 3, esquerda do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal.

Considerando que a interesada aporta documento de confirmación de baixa do contrato polo subministro de enerxía eléctrica da referida vivenda.

Vista a ordenanza fiscal nº 8, reguladora da taxa de rede de abastecemento de auga, ordenanza nº 6, reguladora da taxa por recollida de lixo e a ordenanza nº 7, reguladora da taxa da rede de sumidoiros.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Dar de baixa o recibo e contador de auga número 02-642142, o recibo de recollida de lixo e o recibo de sumidoiros que figuran a nome de Ana María Mato Blanco, corres-

pondente ao inmovible sito na Praza Campo da Feira nº 3, esquerda do núcleo urbano de Boimorto, na elaboración do padrón fiscal correspondente ao cuarto trimestre do exercicio 2012.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e ao encargado de servizos municipais para que proceda ao corte de subministro de auga do inmovible sito na Praza Campo da Feira nº 3 esquerda do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal.

### **3.2.4.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 8/2012**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 624, con data 09/05/2012, presentada por José Antonio García Ramos, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Corredoiras, parroquia de Ánxeles, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga para o inicio das obras de construción de vivenda unifamiliar no lugar de Campo da Lanza, parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. José Antonio García Ramos, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para o inicio das obras de construción de vivenda unifamiliar no lugar de Campo da Lanza, parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.5.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 15/2012**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 625, con data 09/05/2012, presentada por José Antonio García Ramos, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Corredoiras, parroquia de Ánxeles, na que solicita a conexión á rede de sumidoiros para o inicio das obras de construción de vivenda unifamiliar no lugar de Campo da Lanza, parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora pola taxa da rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. José Antonio García Ramos, autorización para conexión á rede de sumidoiros para o inicio das obras de construción de vivenda unifamiliar no lugar de Campo da Lanza, parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

## **4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS**

### **4.1.- URBANISMO**

#### **4.1.1.-LICENZA DE OBRA MENOR (LO 35/2012) PARA REFORMA DE DÚAS RAMPAS NO LUGAR DE VILADÓNIGA, PARROQUIA DE BOIMORTO A INSTANCIA DE DÑA CRUZ GÓMEZ TABOADA.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de Dña. Cruz Gómez Taboada, con DNI núm. 76517941T, e con domicilio para os efectos de notificación no lugar Viladóniga, 14 parroquia de Boimorto, pertencente a este termo municipal, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1362 de data 28/08/2012 para a reforma de dúas

rampas de acceso a finca urbana (rampa 1 de acceso a vivenda e rampa 2 de acceso a garaxe e finca conforme croquis adxunto) no lugar de Viladóniga, Boimorto (solo de núcleo rural).

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 17/12/2012 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

Tramitada pola interesada solicitude de autorización do Servizo de Infraestruturas do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (expediente nº: MT205G 2012/000151-1) e incorporado ao expediente informe de data 22/10/2012, no que autoriza as obras indicando condicionantes a ter en conta para realizar a mesma.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a Dna. Cruz Gómez Taboada, con DNI núm. 76517941T (LO 35/2012) para a reforma de dúas rampas de acceso a finca urbana (rampa 1 de acceso a vivenda e rampa 2 de acceso a garaxe e finca conforme croquis adxunto) no lugar de Viladóniga, Boimorto (solo de núcleo rural).

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais necesarias e supeditada ós condicionamentos xerais e particulares da autorización sectorial do Servizo de Infraestruturas do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas que consta no expediente.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: **775,84 €uros.**

Liquidación 2%: **15,52 €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo á interesada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

#### **4.1.2.-LICENZA DE OBRA MENOR (LO 36/2012) PARA MANTENIMENTO E REPARACIÓN DE MURO DE MAMPOSTERÍA NO LUGAR DE CAMPO DA LANZA, PARROQUIA DE ÁNXELES, TRAMITADO A INSTANCIA DE D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA RAMOS.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. José Antonio García Ramos, con DNI núm. 30569855A, e con domicilio para os efectos de notificación no lugar Campo da Lanzá, 4 parroquia de Ánxeles, pertencente a este termo municipal, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 2038 de data 10/12/2012 para mantemento e reparación de muro de mampostería sito no lugar de Campo da Lanza, Ánxeles, (solo de núcleo rural) segundo presuposto, plano da parcela e fotografías.

Vista a autorización da Deputación Provincial, servizo de vías e obras de data 03/09/2012

Tendo en conta que na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local en data 25/10/2012 foille outorgada licenza de obra (LO 32/2012) para construción de vivenda unifamiliar onde se lle require a cesión de viais na CP-1001. Ao contar con permiso da Deputación para a reparación do muro non é necesaria a cesión de viais na referida estrada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 12/12/2012 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. José Antonio García Ramos, con DNI núm. 30569855A (LO 36/2012) para mantemento e reparación de muro de mampostería sito no lugar de Campo da Lanza, Ánxeles, (solo de núcleo rural) segundo presuposto, plano da parcela e fotografías.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Deberá axustarse ao contido no informe do servizo de vías e obras da Deputación Provincial da Coruña.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: **1.936,00 €uros.**

Liquidación 2%: **38,72 €uros**

**CUARTO.-** Ao manterse o cerramento existente na colindancia coa estrada da Deputación, non é precisa a cesión de terreos prevista nesta zona contemplada na licenza (LO 32/2012) para vivenda unifamiliar concedida na Xunta de Goberno Local de 25/10/2012, polo que se modifica a cesión de terreos para a regularización do viario, sendo necesaria tan só a correspondente á vía municipal, que alcanza unha superficie de 40,90 m2.

**QUINTO.-** Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

#### **4.1.3.- ESTIMACIÓN DE RECURSO CONTRA LIQUIDACIÓN DE ICIO DE EXPEDIENTE DE LICENZA DE OBRAS (LO 33/2012)**

Data conta do recurso de reposición interposto contra a liquidación de ICIO pola concesión da licenza de obras tramitada baixo o expediente (LO 33/2012), presentado por D. Camilo Saavedra Penas, en representación de XUBIAL, S. Coop. Galega con data 16 de decembro de 2012 e número de rexistro de entrada 2082.

Visto informe emitido ao respecto polo servizo de asistencia técnico-urbanística con data 27/12/2012 asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos adscrito ao departamento de Planeamento e Urbanismo de Cerne Enxeñería, S.A., empresa adxudicataria do contrato menor para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística ao Concello de Boimorto que se reproduce literalmente:

<<D. Ángel Delgado Cid, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, en nome e representación de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

**INFORME:**

Con data 18 de decembro de 2.012, número de rexistro 2.082, D. Camilo Saavedra Penas, en nome e representación de XUBIAL S. Coop. Galega, presentou ante o Concello de Boimorto "Recurso de reposición á liquidación practicada no Decreto 354/2012 de 15/11/2012".

O solicitante, en base aos cálculos realizados no recurso de reposición entende que a liquidación resultante debe ser de 2.236,36 euros, mentres que a practicada polo concello é de 3.252,02 euros, resultado de aplicar o 2 % ao presuposto de execución material calculado segundo o ICIO que ascende a 162.601,17 euros.

Segundo se indicaba no informe dos servizos técnicos municipais de 30 de abril de 2.012O presuposto de execución material das obras ascende a un total de 70.472,44 euros, non axustándose ao establecido no Anexo I da Ordenanza Fiscal nº 3 reguladora do Imposto Sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO), considerándose como axeitado o de 162.601,17 euros.

Segundo establece o artigo 5 da Ordenanza Fiscal nº 3 reguladora do ICIO, para o cálculo da base imponible a determinar na autoliquidación, non se terá en conta o presuposto presentado polos interesados, senón que será determinado polo Departamento de Urbanismo tomando como referencia o Anexo I desta Ordenanza (manual de estimación simplificada dos presupostos de execución material da edificación, aprobado pola Xunta de Goberno Oficial de Arquitectos de Galicia vixente) para obras de nova planta, reforma, rehabilitación ou grande reparación.

Desta maneira, o módulo de construción obtense pola seguinte fórmula:

**Mc** (Módulo de construción) = **Mb** (Módulo Básico) x **Cg** (Coeficiente Xeográfico) x **Ct** (Coeficiente de tipoloxía) x **Cu** (Coeficiente de Uso)

De acordo co proxecto a edificación contará cun apartamento e tres dormitorios (un deles adaptado), todos eles con seus correspondentes cartos de baño. Ademais contará con salón-comedor-estar, cociña-lareira, e un anexo dedicado a almacén, garaxe e sala de máquinas para a calefacción e auga quente sanitaria. As superficies construídas resultantes da intervención serían as seguintes:

Edificación principal	Planta Baixa	119,33 m <sup>2</sup>
	Planta alta	90,49 m <sup>2</sup>
Anexo	Planta Baixa	64,07 m <sup>2</sup>
	Planta alta	30,30 m <sup>2</sup>
Total superficie construída		304,19 m <sup>2</sup>

De acordo aos usos e superficies descritas aplícanse os coeficientes establecidos polo ICIO, si ben, o módulo básico se actualizará periodicamente, por acordo da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Neste caso, o módulo actualizado correspóndese co do ano 2.010, que é de 520 euros

Edificación principal:

$$Mc = Mb (520) \times Cg (0,9) \times Ct (1,0) \times Cu (1,1) = 514,8$$

Ct: Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas

Cu: Vivendas, hoteis 2\*, residencias universitarias e moteis.

Anexo:

$$Mc = Mb (520) \times Cg (0,9) \times Ct (1,0) \times Cu (0,4) = 187,2$$

Ct: Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas

Cu: Locais en planta baixa ou semisoto sen uso específico, garaxes e aparcamentos.

De esta maneira o presuposto de execución material segundo o módulo básico sería o seguinte:

Edificación	Módulo construción	Superficie	Presuposto execución material
Turismo Rural	514,8	209,82 m <sup>2</sup>	108.015,34 €
Anexo	187,2	94,37 m <sup>2</sup>	17.666,06 €
Total			125.681,40 €

Polo exposto o presuposto de execución material ascende a cantidade de 125.681,4 euros.

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto, a 27 de decembro de 2012

Ángel Delgado Cid

CERNE INGENIERÍA S.A.>>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e con fundamento no informe do servizo técnico, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Estimar o recurso de reposición interposto, procedendo á rectificación do ICIO do expediente de licenza de obras (LO 33/2012)

**SEGUNDO.-** Proceder á anulación, e no seu caso devolución, do imposto xirado no seu día.

**TERCEIRO.-** Xirar nova liquidación de ICIO, establecéndose como Base Impoñible 125.681,40 Euros.

Liquidación 2%: **2.513,63 Euros.**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo ao interesado, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

#### **4.1.4.-RECTIFICACIÓN ERRO DE FEITO ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Advertido erro de feito no acordo sobre licenza de obra maior (LO 32/2012) adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data de 25 de outubro de 2012, derivado da innecesariedade de cesión de viais na parte correspondente á estrada provincial ao abeiro da Resolución do servizo de vías e obras provinciais de data 3 de setembro de 2012

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Rectificar o dispositivo segundo do acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de outubro de 2012, nos termos recollidos a continuación:

**Donde di:**

*.- Conforme ao proxecto presentado as obras non poderán iniciarse ata a elevación a escritura pública da cesión de viais a favor do Concello, superficie obxecto de cesión dos que serán cedidos do vial municipal de 37.50 m<sup>2</sup> (5 m ao eixo da vía) e a CP 1001 (7 m ao borde da beirarrúa) 115.50 m<sup>2</sup> conforme o plano nº 3 urbanización.*

.....

**Debe dicir:**

.- Conforme ao proxecto presentado as obras non poderán iniciarse ata a elevación a escritura pública da cesión de viais a favor do Concello, superficie obxecto de cesión dos que serán cedidos do vial municipal de 40.90 m<sup>2</sup> (5 m ao eixo da vía).

.....

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo a don José Antonio García Ramos co DNI 32307407C, aos efectos oportunos.

**4.2.- OBRAS SERVIZOS**

**4.2.1.- INCAUTACIÓN DA GARANTÍA A QUÍMICA INDUSTRIAL PROQUINTAS S.A. PARA A SUBSANACIÓN E REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS NA EXECUCIÓN DE CONTRATO DE OBRAS**

Logo de ver o informe da dirección de obras de “ACERADO E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN RUA AS MOSQUEIRAS” emitido en data 27 de novembro de 2012, no que constata que non se realizaron as reparacións das deficiencias detectadas na execución da obra de referencia.

Transcorrido o tempo outorgado ao efecto sen que Química Industrial Proquintas S.A, acometera as obras/reparacións sinaladas pola dirección de obra, cómpre, ao abeiro dos artigos 235, 100 e 101 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e dos arts. 63 e 65 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, á execución da garantía definitiva ata o importe das obras/reparacións.

En aplicación da normativa contractual administrativa referida ao cumprimento do contrato de obras; a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Executar a garantía definitiva constituída por Química Industrial Proquintas S.A, con CIF: A-15140650, mediante aval formalizado con AFIGAL S.G.R., CIF: V-15053754 e inscrito no Rexistro especial de avales co número 37.270, para responder das responsabilidades que puideran derivar da execución do contrato de obra de “ACERADO E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN RUA AS MOSQUEIRA”, por importe de 5.149,69 euros.

**SEGUNDO.-** Requirir a AFIGAL S.G.R., CIF: V-15053754, para que, en execución do aval, proceda ao ingreso da cantidade de 5.149,69 euros ao concello da Boimorto, polas responsabilidades derivadas da execución do contrato de obra de “ACERADO E DOTACIÓN DE SERVIZOS EN RUA AS MOSQUEIRAS”. O pago deberase de realizar de acordo co sinalado na lexislación tributaria.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente acordo a AFIGAL S.G.R., CIF: V-15053754 e a Química Industrial Proquintas S.A, comunicándolles que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso contencioso - administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día da notificación da presente resolución (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa) ou, con carácter previo á interposición do recurso contencioso-administrativo poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o propio órgano que ditou o acordo, no prazo de un mes, en cuxo caso, o prazo para a presentación do recurso contencioso-administrativo empezará a contar desde a notificación da resolución desestimatoria, se fora expresa, ou despois da súa desestimación tácita, que se producirá se, no prazo de un mes, non se resolve o recurso de reposición interposto. De conformidade co disposto no artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 108 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, contra as liquidacións practicadas poderán formular recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da notificación expresa do acto cuxa revisión se solicita, sen prexuízo da posibilidade de utilizar calquera outro recurso que estimen procedente.

## **5.- ASUNTOS ECONÓMICOS**

### **5.1. APROBACIÓN DE FACTURAS**

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar as seguintes facturas:

<b>Nº Factura / Data</b>	<b>Titular NIF/CIF</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe</b>
Ticket 27/12/12	Autopistas del Atlántico A-15020522	Peaxe viaxe á Coruña recoller premio festival de La Luz	1,70 €
Ticket 27/12/12	Aparcamientos María Pi- ta, S.A. / A78234804	Aparcadoiro recoller premio en Coruña festival de La Luz	2,81 €
Tickets 21/11/12	U.T.E. Choupana U-83458570	Aparcadoiro levar un usuario da miniresidencia a consulta no hospital en Santiago	2,75 €
27/11/12		Aparcadoiro levar un usuario da miniresidencia a consulta no hospital en Santiago	2,65 €
28/11/12		Aparcadoiro levar un usuario da miniresidencia a consulta no hospital de Santiago	1,95 €
12/12/12		Aparcadoiro levar un usuario da miniresidencia a consulta no hospital de Santiago	2,70 €
150212FC0013055- 26/12/12	Supervisión y Control, S.A. / A-15117609	Inspección periódica obligatoria do camión pequeno de recollida de lixo	58,20 €
AR312817-15/11/12	ABM-Rexel, S.L.UI / B- 28262822	Material para o alumeado público	553,60 €
AR313838-15/12/12		Abono albarán 34747951 de 04/12/12 material alumeado	-266,10 €
11-31/08/12	Ángeles Iñiguez Casal / 76517968-G	Comida servida a 43 persoas festival de La Luz	860,00 €
1-11042363-26/12/12	Manuel Castro Gómez /	Confección nóminas e seguros	



	33215547M	sociais mes de decembro/12	822,32 €
6650000332-30/11/12 □	Geriatría Siglo XXI, S.L.U. / B61523551	Prestación servizo comidas centro residencial e comidas externas período 01/11/12- 30/11/12	5.297,04 €
2012/2928-30/11/12	Sociedade Galega de Medio Ambiente / A- 15379803	Tratamento residuos urbanos mes de novembro 2012	2.389,32 €
Relación de data 18/12/2012. □ Rexistro de entrada nº 2081	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. / A-65067332□	Recibos de subministro de luz □ ao alumeadado público Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	6.162,78 € 640,87 €
031211102225754- 21-11-12  03121110177905- 17-11-12  03121110168376- 17-11-12  03121110180349- 17-11-12  03121110178891- 17/11/12  03121110173065- 17-11-12  03121110179354- 17-11-12 Rexistro de entrada 2080 Data: 18/12/12	Unión Fenosa Comercial, S.L. B82207275	Recibo de subministro de luz estación potabilizadora perío- do 15-10-12/14-11-12 Recibo de subministro de luz alumeadado da Gándara período 15-10-12/13-11-12 Recibo de subministro de luz campo de fútbol período 15- 10-12/13-11-12 Recibo de subministro de luz polideportivo período 15-10- 12/13-11-12 Recibo de subministro de luz colexio período 15-10-12/13- 11-12 Recibo de subministro de luz piscina municipal período 15- 10-12/13-11-12 Recibo de subministro de luz miniresidencia e centro de día período 15-10-12/13-11-12	3.172,05 €  670,46 €  626,13 €  148,89 €  897,90 €  84,11 €  1.460,52 €□
TA4670481555 19/12/12	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono PAI	31,50 €□
12444-21/12/12	Restaurante Parrillada Sony, S.A.L. / A15240195	Comida cea de navidade per- soal do Concello	782,00 €
6/2012-12/12/12	Francisco Celso Castelo Agra / 32408951L	Actuación realizada o día 22/06/12 rede cultural 2012	300,00 €
0101-1201421- 20/12/12	Cogami Reciclado de Ga- licia, S.L./B-15467962	Recollida de residuos do 01/12/12 ao 31/12/12	92,40 €
5/01211209-19/12/12  5/01211210-19/12/12	Nea F3 Ibérica, S.L.U. B-15361348	Mantemento fotocopiadora en cor BH C353 período do 19/11/12 a 19/12/12 Mantemento fotocopiadora K- 7022 de servizos sociais período 19/10/12 a 14/12/12	233,46 €  36,26 €
104/12-27/12/12	Cerne Ingeniería, S.A. A-15056468	Asistencia técnico-urbanística ao Concello de Boimorto mes de decembro/2012	2.420,00 €

## **5.2.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA SELECTIVA ENVASES LIXEIROS**

Pola secretaria dáse conta das facturas xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes aos meses de novembro e decembro da recollida selectiva de envases lixeiros:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Novembro 2012	232/2012	Recollida selectiva	768,18	76,82	845,00
Novembro 2012	233/2012	Plus adicional por transporte ata planta de selección	6,05	0,61	6,66
Decembro 2012	235/2012	Recollida selectiva	636,76	63,68	700,44
Decembro 2012	236/2012	Plus adicional por transporte ata planta de selección	4,67	0,47	5,14

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar as facturas expresadas na parte expositiva deste acordo.

**SEGUNDO.-** Remitir as facturas números 232, 233, 235 e 236 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

## **5.3.- APROBACIÓN FACTURAS XESTIÓN DE RESIDUOS RECOLLIDA MONOMATERIAL DE PAPEL-CARTÓN EN CONTENEDOR**

Pola secretaria dáse conta da factura xeradas e confirmadas a través do Sistema Web de Xestión de Ecoembes correspondentes aos meses de novembro e decembro da recollida monomaterial de papel-cartón:

Período	Nº de factura	Concepto	Importe factura		
			Importe	Ive 10%	TOTAL
Novembro 2012	234/2012 □	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	56,79	5,68	62,47
Decembro 2012	237/2012	Recollida monomaterial en iglú de papel/cartón e transporte a recicladores	65,98	6,60	72,58

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar as facturas expresadas na parte expositiva deste acordo.

**SEGUNDO.-** Remitir as facturas números 234 e 237 a Ecoembes para que procedan a efectuar ó seu pago.

## **5.4.- ESCRITO DE D. RODRIGO GARCÍA SÁNCHEZ, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA POLO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICO-URBANÍSTICA DO CONCELLO DE BOIMORTO DE DATA 31/10/2007.**

Pola secretaria dáse conta do escrito de D. Rodrigo García González, en representación da empresa Cerne Ingeniería, S.A., con rexistro de entrada neste concello nº 2110 con data

20/12/2012, no que solicita a devolución do aval bancario depositado como garantía das obrigas polo seguinte servizo:

Denominación	Importe aval	
Contrato de prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto	1.176,00 €	

Resultando que dito contrato xa finalizou, habendo cumprido o adxudicatario coas condicións establecidas.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Devolver a referida fianza, por haberse cumprido o servizo contratado coas condicións establecidas.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

**5.5.- ESCRITO DE D. RODRIGO GARCÍA SÁNCHEZ, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA POLA MODIFICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICO-URBANÍSTICA DO CONCELLO DE BOIMORTO DE DATA 23/03/2010.**

Pola secretaria dáse conta do escrito de D. Rodrigo García González, en representación da empresa Cerne Ingeniería, S.A., con rexistro de entrada neste concello nº 2111 con data 20/12/2012, no que solicita a devolución do aval bancario depositado como garantía das obrigas polo seguinte servizo:

Denominación	Importe aval	
Modificación do contrato administrativo do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto	400,00 €	

Resultando que dito contrato xa finalizou, habendo cumprido o adxudicatario coas condicións establecidas.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Devolver a referida fianza, por haberse cumprido o servizo contratado coas condicións establecidas.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

**5.6.- SUBVENCIÓN EMERXENCIA SOCIAL**

Vista a ordenanza específica reguladora da concesión de axudas para situacións de emerxencia social no Concello de Boimorto publicada no BOP nº 118 de data 22/06/2012.

Vista a solicitude de axuda de emerxencia social presentada e o expediente tramitado no departamento de servizos sociais.

Vista a proposta da traballadora social sobre concesión de axuda solicitada e contía.

Visto o artigo 10 da ordenanza que permite axuda indirecta.

Vista a factura de data 29/10/2012 nº 31 de María Lourdes Vereá Seoane en concepto de adquisición dun armario de tela así como produtos de limpeza e enseres básicos para cubrir as necesidades de vestimenta (roupa interior, sábanas de cama ...), por importe de 125,31 €uros.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar en concepto de subvención de emerxencia social indirecta a favor de D. Francisco López Pérez con DNI nº 14230064X a factura de data 29/10/2012 nº 31 de María

Lourdes Verea Seoane con DNI nº 76510236T referida a un armario de tela e sábanas, roupa interior e produtos limpeza por importe de 125,31 €uros con fundamento no informe de servizos sociais sendo o perceptor da contía o empresario titular da factura. Notificar o presente acordo a D. Francisco López Pérez.

### **5.7.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA A EXCURSIÓN Á NEVE Á ESTACIÓN DE LEITARIEGOS**

Vistas as bases paa convocatoria e aprobación das bases que rexerán a excursión á neve á estación de Leitariegos (León) redactadas en data 27/12/2012 pola animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

#### **<<BASES PARA ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA A EXCURSIÓN Á NEVE Á ESTACIÓN DE LEITARIEGOS**

##### **1.- Concepto**

Excursión á neve á estación de Leitariegos (León); o domingo 3 de febreiro de 2013, se este día non se pode ir intentarase ir o domingo 17 de febreiro.

A hora e lugar de saída do autocar é ás 4:30 da mañá do Campo do Rosario.

A orde de inscrición será a que determinará as persoas que sexan beneficiarias desta actividade, e o pago realizase nas oficinas do Concello antes do día 28 de xaneiro, día no que rematará o prazo para anotarse.

##### **2.- Obrigados o pagamento**

Estarán obrigado ao pagamento todas as persoas que se beneficien desta actividade

Todos os asistentes deberán cubrir unha solicitude na que acordan que están conformes coas bases dos prezos públicos; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

Poderán acudir sen acompañante os menores de idade maiores de 14 anos sempre que conten con autorización do pai/nai ou titor/a.

##### **3.- Contía**

O prezo público da actividade é:

Adultos: se sabe esquiar : 39 €, se non sabe: 33 €, nenos ata 14 anos: 31€

Este prezo inclúe o desprazamento en autocar, o forfait para poder facer uso das instalacións da estación (telesilla, telesquí e pistas) así como tamén o aluguer do material para esquiar (botas, bastóns, esquís e casco no caso dos nenos). Os que aluguen material de snow incrementarán o prezo 9 euros. Aquelas persoas que ademais queiran ter de curso de esquí ou snow cun monitor incrementarán o custo sería 32€ para máximo 10 persoas por hora de curso. Para os participantes que non necesiten aluguer de material o prezo público será de 25 euros para adultos e 19 euros para menores de 14 anos.

O número máximo de prazas será de 25 persoas; este número poderase incrementar en función da demanda, pero será o Concello o que decidirá se se amplían ou non as prazas (polo que os prezos variarán); o mínimo para a realización da excursión é de 21 participantes.

Baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

#### **4.- Bonificacións e exencións**

Non se contemplan bonificacións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

#### **5.- Obriga de pagamento**

A obriga de pagamento é nas oficinas do Concello antes do día 28 de xaneiro o 100% do importe.

Boimorto 27 de decembro de 2012

A animadora sociocultural

Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Convocar e aprobar as bases establecemento do prezo público para a excursión á neve á estación de Leitariegos, redactadas en data 27/12/2012 pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público para adultos, se sabe esquiar 39 €uros, 33 €se non sabe e 31 €para os de 14 anos e menores, cun incremento de 9 €uros para os que aluguen material de snow, de 32 €uros (grupo de 10 perosas) por cada hora de curso e de 25 €uros para adultos e 19 €uros para menores de 14 anos para os que non precisen aluguer de material.

**SEGUNDO.-** Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

#### **5.8.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECIMENTO DE PREZO PÚBLICO PARA A EXCURSIÓN A SAN ANDRÉS DE TEIXIDO**

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán a excursión á San Andrés de Teixido redactadas en data 27/12/2012 pola normalizadora lingüística e animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

#### **<<BASES PARA ESTABLECIMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA A EXCURSIÓN Á SAN ANDRÉS DE TEIXIDO**

##### **1.- Concepto**

Establecemento do prezo público para a excursión á San Andrés de Teixido; o día 26 de xaneiro de 2013. Visitarase San Andrés de Teixido, sobre ás 12:15 horas haberá unha misa no santuario á que se poderá asistir, o xantar será na vila de Cedeira, e de volta haberá unha visita guiada no concello das Pontes de García Rodríguez.

A hora e lugar de saída do autocar é ás 09:30 h do Campo do Rosario (colexio).

O prazo de inscrición remata o 19 de febreiro. Os menores de idade deberán ir acompañados por un adulto.

##### **2.- Obrigados o pagamento**

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se se beneficien desta actividade.

Todos os asistentes ou representantes de menores deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases e co prezo público; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

##### **3.- Contía**

O prezo público da actividade é de 20 euros por persoa. O prezo inclúe o desprazamento en autocar, as visitas guiadas e o xantar; baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

#### **4.- Bonificacións e exencións**

Non se contemplan bonificacións nin exencións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

#### **5.- Obriga de pagamento**

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto, 27 de decembro de 2012

A normalizadora lingüística

A animadora sociocultural>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Convocar e aprobar as bases de establecemento de prezo público para a excursión á San Andrés de Teixido redactadas en data 27/12/2012 pola normalizadora lingüística e pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público de 20 €uros.

**SEGUNDO.-** Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

### **5.9.- -CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA AS SAÍDAS A PISCINA DE ARZÚA DESDE O CENTRO DE MAIORES**

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán para as saídas á piscina de Arzúa redactadas en data 27/12/2012 pola normalizadora lingüística e animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

#### **<<BASES PARA ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA AS SAÍDAS Á PISCINA DE ARZÚA DESDE O CENTRO DE MAIORES**

##### **1.- Concepto**

Establecemento do prezo público para as saídas á piscina de Arzúa, todos os xoves de cada semana. Sairase do Centro de Maiores ás 10:30 e voltarase ás 11:45 horas, terase acceso a piscina, e contarase con monitores (en función da xente inscrita) que impartirán un curso de natación. Deberá haber un mínimo de 8 persoas inscritas para poder realizar o curso, e o máximo de participantes é de 25. Anotarse no Centro de Maiores.d

O prazo de inscrición será durante a primeira quincena de xaneiro.

##### **2.- Obrigados o pagamento**

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se se beneficien desta actividade.

Todos os asistentes deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases e co prezo público; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

##### **3.- Contía**

O prezo público da actividade é de 5 euros por persoa e día. O prezo inclúe o desprazamento en autocar, o acceso a piscina e o curso de natación; baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

#### **4.- Bonificacións e exencións**

Non se contemplan bonificacións nin exencións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

#### **5.- Obriga de pagamento**

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto, 27 de decembro de 2012

A normalizadora lingüística

A animadora sociocultural

Asdo.- Sylvia Cea Vázquez

Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Convocar e aprobar as bases de establecemento de prezo público para as saídas a piscina de Arzúa redactadas en data 27/12/2012 pola normalizadora lingüística e pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público de 5 €uros/día.

**SEGUNDO.-** Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

#### **5.10.-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECER OS PREZOS PÚBLICOS PARA O USO E SERVIZOS DO ALBERGUE DE BOIMORTO.**

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador do prezo público pola utilización do servizo de aloxamento de peregrinos no Concello de Boimorto publicado no BOP de data 10/05/2010, con modificación publicada en BOP en data 09/07/2012. Vistas as bases para convocatoria e establecemento dos prezos públicos para establecer os prezos públicos para o uso e servizos do albergue de Boimorto, redactadas en data 27/12/2012 pola normalizadora lingüística e a animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

#### **<<BASES PARA ESTABLECER OS PREZOS PUBLICOS PARA O USO E SERVIZOS DO ALBERGUE DE BOIMORTO**

1.- Obxeto.

O obxeto destas bases é o establecemento de prezos públicos para o uso e servizos do albergue de Boimorto:

- Uso das zonas comúns e habitacións.
- Uso das instalacións.
- Servizo de aluguer de toallas e/ou nórdico e saba baixeira.

2.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento os que sexan beneficiarios do uso/s e servizo/s do albergue de peregrinos deste Concello.

3.- Contía diaria

- Uso das zonas comúns e habitacións: 10€persoa (excepto peregrinos, baixo regulamento Modificación do acordo municipal nº 19 Regulador do prezo público pola utilización do/s servizo/s do aloxamento de peregrinos no Concello de Boimorto BOP nº 129 de 09/07/2012).

- Uso das instalacións: 10 €persoa

- Servizo de aluguer de toallas e/ou nórdico e saba baixeira: 3 €

#### 4.- Bonificacións e exencións

Non se contemplan bonificacións pois trátase dunha actividade xeral para toda a poboación na que non se busca o fomento da participación familiar.

#### 5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento do/s prezo/s públicos, regulados no acordo municipal regulador dos prezos públicos para o uso e servizos do albergue de Boimorto, nace dende que se inicie a prestación do uso ou servizos do albergue.

Boimorto, 27 de decembro de 2012

A normalizadora lingüística

A animadora sociocultural

Asdo.- Sylvia Cea Vázquez

Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.**-Convocar e aprobar as bases de establecemento dos prezos públicos para o uso e servizos do albergue de Boimorto, redactadas pola normalizadora lingüística e pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo os prezos públicos en:

- Uso das zonas comúns e habitacións: 10€/persoa (excepto peregrinos, baixo regulamento Modificación do acordo municipal nº 19 Regulador do prezo público pola utilización do/s servizo/s do aloxamento de peregrinos no Concello de Boimorto BOP nº 129 de 09/07/2012).

- Uso das instalacións: 10 €/persoa

- Servizo de aluguer de toallas e/ou nórdico e saba baixeira: 3 €

**SEGUNDO.**- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

### **5.11.-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECIMENTO DE PREZO PÚBLICO PARA VENDA DO DISCO DE CANTARES DE REICES VIII EDICIÓN**

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, con modificación publicada en BOP en data 11/05/2010. Vistas as bases para convocatoria e establecemento do prezo público con motivo da posta a venda do disco de Cantares de Reices recollidos dentro da VIII edición redactadas en data 27/12/2012 pola animadora sociocultural e pola a normalizadora lingüística e que a continuación se reproducen literalmente:

#### **<<BASES PARA ESTABLECIMENTO DO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DO DISCO DE CANTARES DE REICES VIII EDICIÓN**

##### **1.- Concepto**

Establecemento do prezo público para a venda do disco de Cantares de Reices da VIII edición.

O Concello de Boimorto quere con este disco, con catorce cantares de reis deixar constancia dunha tradición, que era celebrada en toda Galicia por cuadrillas de mozos que, de casa en casa, anunciaban a boa nova do renacer da luz e da vida con fermosos e longos cantos coma esta mostra.

##### **2.- Obrigados o pagamento**



Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que queiran adquirir un disco de Cantares de Reices.

### 3.- Contía

O prezo público do disco é de 5 €.

### 4.- Bonificacións e exencións

Non se contemplan bonificacións nin exencións pois trátase dunha actividade de venda dun obxecto relacionado cunha actividade cultural.

### 5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao adquirilo.

Boimorto 27 de novembro de 2012

A normalizadora lingüística

A animadora sociocultural

Asdo.- Sylvia Cea Vázquez

Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

Considerando que a Xunta de goberno local en aplicación do artigo 4 do acordo municipal sinalado pode, de forma conxunta para todos os participantes motivando o acordo en razóns de interese público que serían fomento da actividade cultural no Concello de Boimorto.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Convocar e aprobar as bases establecemento do prezo público para a venda do disco do Certame de Cantares de Reis redactadas en data 27/12/2012 pola normalizadora lingüística e pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público de 5 €.

**SEGUNDO.-** Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

### **5.12.-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA ASISTENCIA A CLASES DE NATACIÓN PARA UN GRUPO ORGANIZADO NA PISCINA DE ARZÚA**

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán para a asistencia a clases de natación para un grupo organizado á piscina de Arzúa redactadas en data 27/12/2012 pola normalizadora lingüística e animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

### **<<BASES PARA ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA A ASISTENCIA A CLASES DE NATACIÓN PARA UN GRUPO ORGANIZADO Á PISCINA DE ARZÚA**

#### 1.- Concepto

Establecemento do prezo público para a asistencia a clases de natación para un grupo organizado á piscina de Arzúa, todos os venres, durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo do 2013 en horario de 18:15 a 19:00 horas. O desprazamento farase por conta dos participantes.

#### 2.- Obrigados o pagamento

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se se beneficien desta actividade.

Todos os asistentes deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases e co prezo público; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

### **3.- Contía**

O prezo público da actividade é de 7,35€/alumno/mes por 1 día a semana de curso; 22,05€ por trimestre/participante. O prezo inclúe o acceso a piscina e o dereito a recibir o curso de natación de 45 minutos de duración; baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

### **4.- Bonificacións e exencións**

Non se contemplan bonificacións nin exencións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

### **5.- Obriga de pagamento**

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse e deberase aboar a contía total do trimestre.

Boimorto, 27 de decembro de 2012

A normalizadora lingüística

A animadora sociocultural

Asdo.- Sylvia Cea Vázquez

Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Convocar e aprobar as bases de establecemento de prezo público para a asistencia a clases de natación para un grupo organizado os venres durante o primeiro trimestre de 2013 en horario de 18:15 a 19:00 horas á piscina de Arzúa redactadas en data 27/12/2012 pola normalizadora lingüística e pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, sendo o prezo público por todo o trimestre de 22,05€/participante.

**SEGUNDO.-** Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

Pola Secretaria dáse conta dos decretos números 395, 397, 402, 405, e 413 ditados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 19:00 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez